



MATERIA	Ámbito científico-tecnolóxico
PROFESOR/A	Mª José Fernández Yáñez (Víctor Rodríguez Esmorís)

BLOQUE	CONTIDOS
1ª AVALIACIÓN	1 Proxectos de investigación. Método científico. Espazos e recursos de aprendizaxe científica: laboratorio e espazos virtuais. Materiais e normas de seguridade. Linguaxe científica: interpretación, produción e comunicación.
	2 Números: naturais, enteiros, decimais e racionais. Representación e operación. Resolución de problemas. Cálculo mental.
	3 Os ecosistemas. Elementos integrantes. Cadeas tróficas. Relacións. O cambio climático. Causas e consecuencias.
	4 Descrición do movemento dun corpo. Estudo dos movementos rectilíneos e circulares sinxelos. Ecuacións e gráficas. As forzas e a súa aplicación a problemas da vida cotiá: o peso, a normal, o rozamento e a tensión. Lei de Newton: aplicacións. A enerxía. Principio de conservación da enerxía e resolución de problemas. Efectos da calor sobre a materia. Repercusións ambientais da obtención e consumo de enerxía.
	5 Linguaxe alxébrica: expresión de relacións. Equivalencia de expresións alxébricas de segundo grao. Resolución de ecuacións de segundo grao. Interpretación da solución dun problema.
2ª AVALIACIÓN	1 Proxectos de investigación. Método científico. Espazos e recursos de aprendizaxe científica: laboratorio e espazos virtuais. Materiais e normas de seguridade. Linguaxe científica: interpretación, produción e comunicación.
	6 Dinámica terrestre. Orixe e historia da Terra. Estrutura e dinámica da xeosfera. A tectónica de placas e as súas manifestacións.
	7 Relacións e funcións. Representación: enunciado, táboas, gráficas e expresión analítica. Funcións cuadráticas, de proporcionalidade inversa, etc.
	8 A vida na Terra. Hipóteses sobre a orixe da vida na Terra. Probas e teorías da evolución dos seres vivos. A evolución humana.
	9 Composición da materia. Configuración electrónica e táboa periódica. A ligazón química. Formulación e nomenclatura de substancias químicas segundo as normas IUPAC.
3ª AVALIACIÓN	1 Proxectos de investigación. Método científico. Espazos e recursos de aprendizaxe científica: laboratorio e espazos virtuais. Materiais e normas de seguridade. Linguaxe científica: interpretación, produción e comunicación.
	10 Teoría celular. ADN: xenes e cromosomas. Ciclo celular. Mitose e meiose. As mutacións e o cancro. Formas acelulares: virus.
	11 Medidas de centralización e dispersión: comparación de dous conxuntos de datos. Representación gráficas. Probabilidade. Fenómenos deterministas e aleatorios. Sucesos. Frecuencias relativas. Regra de Laplace e técnicas de recuento.
	12 Reaccións químicas. Ecuacións químicas sinxelas: interpretación cualitativa e cuantitativa. Cálculos estequiométricos. Descrición cualitativa de reaccións químicas de relevancia no mundo cotiá. Análise de aspectos enerxéticos e cinéticos das reaccións químicas: teoría de colisións.
	13 Medición. Precisión. Estimación ou cálculo de medidas indirectas. Dedución, interpretación e aplicación das principais fórmulas para obter áreas, volumes e capacidades en formas tridimensionais. Equivalencia entre medidas de volume e capacidade. Análise de transformacións elementais como xiros, translacións e simetrías.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas e/ou orais	55%
Presentación dos exames (orde, limpeza, lexibilidade....)	5%
Producións clase-casa: Informes de laboratorio, libreta, traballos, debates, lecturas e actitude de cara a materia.	40%
TOTAL AVALIACIÓN	100%
NOTA CONVOCATORIA XUÑO	
Media aritmética das tres avaliacións.	

OBSERVACIÓNS:

Ao final de cada unidade didáctica realizarase unha proba escrita cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación (CA). A nota dos exames será a media aritmética de todas as probas realizadas durante a avaliación. Despois de cada exame o alumno ou alumna terá unha oportunidade para recuperar os CA non superados. Neste caso, examínase dos contidos non superados e os novos resultados substituirán aos anteriores para realizar unha nova media.

Para a aprobar a materia en xuño hai que ter como **mínimo un 4 en cada avaliación e a media aritmética das notas das tres avaliacións debe acadar como mínimo un 5**. As notas que se teñen en conta son as resultantes das medias (con decimais) e non as que aparecen nos boletíns (números enteiros).

Quen non acade o aprobado, poderá examinarse en xuño das avaliacións nas que non acade a nota mínima.

CONTACTO CO PROFESORADO

NOME	CORREO ELECTRÓNICO
Mª José Fernández Yáñez	mjdepartamentofisica@gmail.com